



## PLAN de ACCIÓN

1. Organizar actos de Presentación de GanemosCCOO en todas as cidades e localidades, e ámbitos de CCOO que sexan posibles. Neles presentaremos o Manifesto e as Dez propostas para recuperar CCOO para un sindicalismo combativo, de clase e democrático, invitando a todos os afiliados de CCOO no nosos territorios. Para garantir unha boa convocatoria dos actos centrais, os asinantes do manifesto reuniranse previamente para deseñar un plan que permita a máxima difusión deste acto nos centros de traballo e entre os afiliados.
2. Estender GanemosCCOO a todas as empresas, seccións sindicais, Federacións e territorios do noso sindicato, difundindo O Manifesto e as Dez propostas para recuperar CCOO para un sindicalismo combativo, de clase e democrático ó maior número de afiliados, delegados e membros de comités de empresa de CCOO. Todos os compañeiros que se sumen a GanemosCCOO deben loitar por defender e poñer en práctica as ideas que conteñen estes textos básicos, coa fin de recuperar CCOO coas sinais de identidade que as forxaron.
3. Difundir o Manifesto en todas as manifestacións en defensa dos dereitos laborais e sociais así como nas asembleas de delegados e afiliados que celebre o sindicato.
4. Poñer en marcha unha rede de solidariedade desde GanemosCCOO para facer chegar o noso apoio ás empresas e colectivos en loita contra os recortes e os despedimentos, así como a todos aqueles compañeiros sancionados ou perseguidos por poñer en práctica un sindicalismo de clase.
5. Todos os gastos derivados desta actividade (fotocopias, carteis, aluguer de salas, etc...) financiaranse mediante colectas e aportacións dos traballadores e traballadoras que apoian GanemosCCOO.